

Ola, artistas!

Xa estou aquí cunha misión moi especial para vós. Cando revisaba uns libros vellos, atopei un calendario totalmente en branco... ¡nin unha data, nin unha cor, nin un debuxo!

Entón pensei: *“No noso colexio hai grandes artistas... seguro que poden devolverlle a vida”*.

Por iso, preciso da vosa axuda para crear...

CALENDARTE

un calendario cheo de arte, imaxinación e cor.

Cada nivel vai facer o seu propio calendario con todos os meses do ano e tamén cunha portada moi especial.

Podedes empregar témperas, ceras, colaxes, recortes ou o que máis vos guste. O importante é que cada mes reflicta a arte que estades a descubrir este curso: pintores, escultores, cine, artistas galegos,... o tema que traballedes.

Estou desexando ver o resultado. E, lembrade: cada mes que creades é unha obra de arte e cada trazo vos fai máis artistas.

Coas orellas cheas de entusiasmo,

Leo

